

**O PSOE de A Pontenova denuncia que o candidato á alcaldía do PP
“emprega a consulta como lugar de captación de votos e para dar
pequenos mítines”**

Dende a agrupación fan estas declaracións porque consideran “un acto de responsabilidade dar resposta a todas aquelas persas que se dirixiron a nós, queixándose non só do retraso co que están a ser citados, senón de que fóra se chegasen a escoitar conversacións que pouco ou nada teñen ver coa atención médica”

Tal é así, aseguran, que moitos cidadáns “xa se atreveron a denunciálo nas redes sociais e tamén *in situ*, no mostrador do centro”; feitos que motivaron, indican, “que o candidato falase con esta xente para que as retirase”, xa que, segundo lles dixo, “eran críticas que o prexudicaban moito”, apuntan os socialistas

Por elo, dende o PSOE local piden ao alcaldable popular “máis seriedade política”. “As instalacións do SERGAS, é dicir, o despacho, non son a sede do PP para facer campaña, nin tampouco se pode usar o teléfono para facer chamadas que nada teñen que ver coa consulta”, insisten

A PONTENOVA, 5 DE MAIO DE 2015.- Os socialistas de A Pontenova, en resposta ás múltiples queixas dos veciños, alertan de que o candidato á alcaldía do Partido Popular, que é médico de profesión, “emprega a consulta diaria como lugar de captación de votos e para dar pequenos mítines”. Dende a agrupación local do PSOE fan estas declaracións porque consideran “un acto de responsabilidade dar resposta a todas aquelas persas que se dirixiron a nós, queixándose non só do retraso co que están a ser citados, senón de que fóra se chegasen a escoitar conversacións que pouco ou nada teñen ver coa atención médica, co fin de sacar un rédit electoral”.

Tal é así, aseguran, que moitos cidadáns “xa se atreveron a denunciálo nas redes sociais e tamén *in situ*, no mostrador do centro”; feitos que motivaron, indican, “que o candidato falase con esta xente para que retirase ditas queixas”, xa que, segundo lles dixo, “eran críticas que o prexudicaban moito”, apuntan os socialistas.

Dado que “estes veciños saían escandalizados con estes mini actos políticos”, dende a agrupación do PSOE piden ao alcaldable popular “máis seriedade política”. “As instalacións do SERGAS, é dicir, o despacho, non son a sede do PP para facer campaña, nin tampouco se pode usar o teléfono para facer chamadas que nada teñen que ver coa consulta”, insisten.

“Consideramos que esta actuación carece de toda calidade democrática”, resaltan. “Realmente danos igual quen o faga, isto non é unha cuestión persoal. Pero o que si está claro é que hai un responsable. Non se pode utilizar deste xeito ás persoas. Por iso, o denunciaremos publicamente; unha denuncia que resposta única e exclusivamente ás críticas que fixeron os cidadáns. Cremos que, en ningún caso, este tipo de artimañas políticas están xustificadas. E, nisto, aos socialistas non só nos van a ter en contra, senón que non competimos, nin estamos dispostos a facelo”, conclúen.

PARA DECLARACIÓNS SOBRE ESTE ASUNTO, CONTACTAR CO SECRETARIO XERAL DA AGRUPACIÓN LOCAL DE A PONTENOVA (FRANCISCO MARTÍNEZ BERMÚDEZ): 697391207.